



## Cultura

Velada de irmandade no  
Casino de Chantada en torno  
á obra de Xosé Lois García

| Lemos  
| Sarria  
| Chantada  
| Quiroga

Quincenal comarcal gratuito

## EnComún // Crónica del Sur de Lugo

• Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte: 24 horas ao servizo da cidadanía

## MOBILIZACIÓNS NO SUR DE LUGO CONTRA OS RECORTES E O PARO



- Partidos políticos, sindicatos e cidadanía apoiaron a concentración dos avogados diante do Xulgado de Monforte en protesta polas taxas xudiciais
- 14-N: "A mellor manifestación que viu Monforte dende a convocada en defensa do Hospital", según UGT-Lemos
- Varios centos de persoas concentráronse diante da fábrica de Cements Cosmos en defensa da continuidade da planta do Oural

## O PULSO DA COMARCA



- Xornada sobre as posibilidades de Monforte no eido loxístico



- Novas actuacións para protexer o patrimonio inmaterial do sur de Lugo



- Posta en marcha do Plan Invernal na rede de estradas da provincia

Servizos

Estrea do Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte

O novo servizo integrado no Consorcio Provincial entrou en funcionamento o 1 de outubro

# Parque Comarcal de Bombeiros: 24 horas a disposición dos cidadáns

A cobertura deste servizo abrangue os municipios de Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil e Sober

Redacción Monforte

• O pasado 1 de outubro entrou en funcionamento o Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte de Lemos, integrado no Consorcio Provincial no que participan a Xunta de Galicia e a Deputación de Lugo, e que dá cobertura dende a súa base en As Lamas aos municipios de Monforte, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas do Sil e Sober. A redefinición deste servizo responde ao obxectivo de prestar un servizo homoxéneo e profesionalizado en toda a provincia, para atender con persoal cualificado as emerxencias que poidan xurdir.

## O DÍA A DÍA NO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS: POSTA A PUNTO DO EQUIPO MATERIAL E HUMANO

En calquer momento pode soar o teléfono no posto de control das dependencias do Parque Comarcal de As Lamas, en Monforte. A razón de ser do servizo de bombeiros é estar sempre preparados para actuar, o que require unha constante comprobación de que todo está a punto, tanto o equipo material como o humano. Tres bombeiros no turno da mañá e tres no da noite, baixo a dirección do xefe de quenda, dispoñen a xornada de xeito que non quede ningún elemento por revisar. "En primeiro lugar, facemos a revisión dos vehículos cada día, algo fundamental para garantir a asistencia na emerxencia", explica M<sup>a</sup> del Mar Domínguez Paredes,



O equipo do Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte participan en simulacros de emerxencias en empresas, centros educativos e residenciais, e en todo tipo de instalacións que o soliciten. Na fotografía, un momento do simulacro desenvolvido na planta Vitogás, en Neiras (Sober). Foto cedida.

xefa do Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte, "e no turno da mañá ademais se fai unha rodaxe diaria de tres ou catro quilómetros". A mecánica de cada vehículo e o seu mantemento revísanse minuciosamente, así como os equipamentos que inclúen. O Parque Comarcal de Bombeiros dispón dun vehículo de mando, "un todoterreo para acceder o máis rápido posible ao punto da emerxencia, ou

tamén como coche de apoio cando se require acompañar ao camión", indica M<sup>a</sup> del Mar Domínguez. Quizais a máxima atención recae sobre o que os bombeiros chaman "o primeira saída", un camión equipado con depósito de auga e mecanismo de emisión, así como un completo sistema de departamentos laterais onde se localizan, sempre a punto, os equipamentos de intervención para afrontar excarceracións,

limpeza de aceite e combustibles en estradas, e incluso un equipo electróxeno. Este vehículo resulta esencial nas intervencións, "e se é preciso reabastecer auga según as características da intervención, dispoñemos dun vehículo nodriza con maior capacidade de depósito", suñía a xefa dos Bombeiros de Monforte. Atender accesos en altura é posible grazas ao vehículo dotado con escaleira despregable.

## CASOS PRÁCTICOS E HORAS DE ESTUDIO

Pero para sacarlle o máximo partido a este equipamento e resolver con éxito as emerxencias, os dezanove bombeiros do Parque de Monforte desenvolven un programa de prácticas de intervención dispostas ao longo da semana. "Unha vez que rematamos a revisión dos vehículos e equipos, adicamos determinadas horas a prácticas de excarceración con coches do desguace, uso de equipos de respiración autónoma, e rescate en altura", explica M<sup>a</sup> del Mar Domínguez. "É moi importante estar sempre traballando e aprendendo, por iso, a maiores das prácticas de emerxencia, adicamos unha parte da xorna-

## EnComún

Departamento 19 430 021

Edición: 19 de Novembro de 2012  
 CPE: 19 430 021  
 Dirección: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo  
 Redacción: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo  
 Servizo de Impresión: Xunta de Galicia, Deputación de Lugo

Distribución:  
 Redacción: 19 430 021  
 Servizo de Impresión:  
 19 430 021

Conto Corrente: 4178 980 829  
 Banco: Caixa Galicia  
 Titular: Xunta de Galicia

Servizos

Estrea do Parque Comarcal de Bombeiros de Monforte



O vehículo de primeira saída constitúe o elemento clave nos dispositivos do Parque Comarcal de Bombeiros. Incorpora un depósito de auga e un completo equipamento de intervención que inclúe equipo de limpeza química, de excarceración e un equipo electrógeno. EC.

da a estudar", explica a xefa dos Bombeiros de Monforte. "Poñerse ao día na toponimia das parroquias e lugares dos municipios que cubrimos, coñecer máis sobre produtos químicos e as súas propiedades combustibles en caso de incendio, en fin, estar sempre traballando para dar o mellor servizo, é a nosa dedicación diaria", suñía Domínguez.

COMO PROCEDEN DIANTE DUNHA EMERXENCIA

Todo disposto para que soe o teléfono reclamando a súa intervención, e o operativo ponse en marcha. "Según as características da emerxencia, se toman datos en control mentres os tres bombeiros de turno (dous no turno de noite) xa se está poñendo o traxe de intervención", explica Domínguez. "O xefe de turno decide entón o vehículo que se envía (o primeira saída ou tamén o de mando), e de camiño estamos

en comunicación co 112 para ir sabendo todos os detalles da localización e da emerxencia, ou incluso nos poñen en contacto co alertante, se é preciso". Para unha excarceración mobilízase o primeira saída e o vehículo de mando, e en caso de incendio envían o primeira saída e o vehículo nodriza para garantir o abastecemento de auga, "ademais do vehículo de altura se hai que acceder a un piso, por exemplo", indica a xefa dos Bombeiros. Cando hai alerta por meteoroloxía adversa, "estamos activados, pero só nos chaman en casos de emerxencia ou cando se precisan máis medios dos habituais para estas actuacións".

UN SERVIZO SEMPRE ACTIVO

O Parque Comarcal de Bombeiros está sempre en acción, dentro ou fóra do recinto de As Lamas, dependendo das incidencias. "Nunca se pode prever cando vai haber emerxencias",

Mª del Mar Domínguez, xefa do Parque de Bombeiros de Monforte: "Estamos abertos a recibir grupos de escolares ou doutros colectivos, previa solicitude ao Consorcio Provincial, e dar charlas sobre seguridade nos centros que o soliciten"

recoñece Domínguez, "así que aquí a rutina é sempre activa". No mes e medio que levan funcionando como Parque Comarcal, os bombeiros de Monforte realizaron dezaseis intervencións, entre as que houbo dúas excarceracións ("sen falecemento de persoas, por sorte", comenta Domínguez), dous simulacros, seis incendios en vivendas, un incendio en nave industrial, e un rescate de persoa en vivenda ("unha señora maior impedida que quedou

atrapada na súa casa, e tivemos que entrar pola ventana para abrir a porta desde dentro", explica a xefa de Bombeiros.

AFÁN DE SUPERACIÓN PARA DAR O MELLOR SERVIZO

Unha profesión, a de bombeiro, que a pesar da súa fama de arriscada "é un traballo como outro calquera", recoñece Mª del Mar Domínguez, a única muller á fronte dun Parque de Bombeiros na provincia de Lugo. "A verdade, nunca te ven ningún problema por iso, nin tampouco considero que sexa algo a destacar", comenta Domínguez. "Para desenvolver esta profesión tes que estar en boa forma física, ser unha persoa tranquila e, sobre todo, ter vocación de axudar aos demais", destaca a responsable dos Bombeiros de Monforte. Este espírito de servizo á cidadanía vai máis aló das actuacións técnicas, e contempla a realización de visitas de grupos

escolares e outros colectivos para dar a coñecer o seu traballo. "Estamos abertos a recibir á xente, previa solicitude ao Consorcio Provincial, e amosarlle as instalacións e como desenvolvemos esta profesión", precisa Domínguez. Impartir charlas en centros educativos e residenciais forma parte tamén do seu traballo, "aínda que acabamos de integrarnos nas antigas instalacións municipais e todo leva un tempo de adaptación, en canto remate este arranque atenderemos as solicitudes que nos fagan para poder informar e aconsellar á cidadanía sobre seguridade e procedementos en casos de emerxencia".

Unha vocación de servizo que xustifica a súa elección profesional. "Somos xente preparada, e cada vez máis, pero non fai falta ser un superheroe", explica a xefa de Bombeiros con satisfacción. "Simplemente, o noso obxectivo é superarnos a diario para facer o noso traballo o mellor posible".



En calquer momento pode soar o teléfono no posto de control, avisando dunha emerxencia. Nun máximo de minuto e medio o operativo de intervención está saíndo do Parque, para atender a emerxencia con todos os medios dispoñibles. (Foto esquerda e centro, EC; foto dereita: Cedida).